

Texto: **MANUEL RIVAS**

Ilustracións: **AITANA CARRASCO**

Encadernado en cartón. 24,5x21,5 cm.

48 páxinas. Ilustracións en color. Dispoñible en:

-Castelán: "Milu"

ISBN 978-84-8464-736-2

-Galego: "Milu"

ISBN 978-84-8464-735-5


Prezo: 14 €

## MILU

**...A Milu pareceulle que algo malo rodeaba a súa casa. Era moi raro perder as cancións e perder o bolso e perder o pan.**

**E mesmo os pais, ás veces perdíanse e non volvían á casa.**

**Pero ela tiña a Nana. Estaba todo o tempo soa con ela e non a perdería.**



"Milu" relata as vivencias dunha nena en apuros. Cando o seu pai deixa de cantarlle cancións e a súa nai deixa de ter expectativas, unha pequena televisión convértese na súa única compañía. Milu é a voz de moitos nenos e nenas que padecen situacións de desvantaxe social e non poden gozar do seu dereito a vivir en familia. Pero a súa historia lémbra-nos que hai lugar para a esperanza.

Este 'libro solidario' doa o 10% das súas vendas á Fundación Meniños, promotora desta edición, para que os nenos e nenas que o precisen poidan ter un futuro mellor. Meniños é unha entidade de acción social sen ánimo de lucro que traballa a prol do benestar da infancia e da adolescencia. A través de programas de intervención social, trata de impulsar unha cultura do bo trato á mocidade, fomentando o seu protagonismo e a súa participación como suxeitos activos de dereitos.

Manuel Rivas, que lle cede os seus dereitos de autor desta obra á Fundación Meniños, crea un relato tenro e sensible que reflicte a indefensión de Milu ante os problemas dos seus pais. Pero malia a tristura, tamén plasma as ilusións da nena e a súa idea da felicidade: "...Ver rir á xente que queres". As ilustracións coloristas de Aitana Carrasco -que colabora coa Fundación Meniños cedéndolle a imaxe da protagonista- mesturan estampados, texturas e gravados antigos, creando ambientes realistas con elementos oníricos.

- **Temática:** experiencia dunha nena nun centro de acollida
- **Idade recomendada:** a partir de 6 anos
- **Aspectos destacables:** libro solidario; infancia, familia, situacións de dificultade social, educación e asistencia social; da ilustradora de "A viaxe do bisavó" e "Los posos del café"

[comunicacion@kalandraka.com](mailto:comunicacion@kalandraka.com) | [www.kalandraka.com](http://www.kalandraka.com)

### MANUEL RIVAS (A Coruña, 1957)

Escritor e xornalista. Publica artigos en diversos medios de comunicación. Na súa obra narrativa, traducida a varias linguas, destacan títulos como "Un millón de vacas" (1989), Premio da Crítica española; "En salvaxe compañía" (1994), Premio da Crítica galega; "Que me queres, amor?" (1995), Premio Torrente Ballester e Premio Nacional de Narrativa; "O lapis do carpinteiro" (1998), Premio da Crítica española, Premio da Asociación de Escritores en Lingua Galega, Premio Arzobispo San Clemente e Premio de Amnistía Internacional (sección belga). Tamén publicou libros de relatos e de poemas. É autor de dúas obras para público infantil e xuvenil: "Bala perdida" (1996) e "O sombreiro Chichiriteiro" (2009).

### AITANA CARRASCO (Valencia, 1978)

Licenciada en Belas Artes pola Universidade de Valencia. Polo seu primeiro álbum ilustrado obtivo o IX Premio Internacional 'A la orilla del viento'. Dende entón adícase á ilustración de libros infantís. Colaborou con diversas revistas e editoriais, entre elas KALANDRAKA, ilustrando "A viaxe do bisavó" e "Los posos del café". A súa obra expúxose en numerosos museos, centros culturais e feiras de libros en España e noutros países.

